INTEGRACION PORTO – CIDADE

As estratexias empregadas para alcanzar a integración entre cidade, porto e bordo marítimo son múltiples, dende aquelas máis inmediatas que implican pequenas infiltracións do urbano no portuario a través de aperturas de todo tipo e condición, ata as grandes transformacións de reordenación urbanística, onde se introducen usos mixtos en determinadas áreas do porto.

Las estrategias empleadas para alcanzar la integración entre ciudad, puerto y borde marítimo son múltiples, desde aquellas más inmediatas que implican pequeñas infiltraciones de lo urbano en lo portuario a través de aperturas de todo tipo y condición, hasta las grandes transformaciones de reordenación urbanística, donde se introducen usos mixtos en determinadas áreas del puerto.





ELEMENTOS DE INTEGRACIÓN PORTO - CIDADE

- conexións elevadas
- supresión muro
- reordenación de áreas
- extensión de tramas

DISTRIBUCIÓN DA SUPERFICIE DOS USOS NO ÁMBITO



TIPOS DE PROXECTOS E ESTRUTURA TEMPORAL



PARTICIPACION



Proponse unha metodoloxía na que administracións, veciñanza, xentes do porto, institucións profesionais e sector privado compartan espazos e responsabilidades nun proceso adaptado aos tempos de traballo da cidadanía e no que a información, o debate, a toma de decisións e o control público sexan continuos en todas as etapas.

Se propone una metodología en la que administraciones, vecinas, gentes del puerto, instituciones profesionales y sector privado comparten espacios y responsabilidades en un proceso adaptado a los tiempos de trabajo de la ciudadanía y en el que la información, el debate, la toma de decisiones y el control público sean continuos en todas las etapas.

MODELO, AXENTES E PROCESO DE TRANSFORMACION DOS TERREOS PORTUARIOS

MODELO ECONOMICO



SOSTIBILIDADE

ENERXIAS RENOVABLES



Coherentemente coa transición de modelo enerxético na que estamos inmersos por mor do cambio climático e o esgotamento do petróleo, a elevada demanda de enerxía que implican tanto o proceso de transformación da área como o seu funcionamento deberá ser satisfeita mediante fontes renovables, sacando partido de todo o potencial do ámbito (vento, sol, mareas).

Coherentemente con la transición de modelo energético en la que estamos inmersos a raíz del cambio climático y el agotamiento del petróleo, la elevada demanda de energía que implican tanto el proceso de transformación del área como su funcionamiento deberá ser satisfecha mediante fuentes renovables, sacando partido de todo el potencial del ámbito (viento, sol, mareas).

METABOLISMO URBANO

A xestión dos recursos materiais debe ser unha cuestión fundamental no proceso de transformación do porto, dada a escala da mesma. Apóstase por un modelo que se aproxime ao peche de ciclos a partir da posta en marcha dunha infraestrutura de reciclaxe urbana que actúe coma un gran punto limpo a escala metropolitana.

Durante a súa vida útil (uns 25 anos) permitirá recuperar, valorizar e ofertar os materias procedentes do desmontado de edificios e instalacións portuarias, así como doutras obras da cidade.

La gestión de los recursos materiales debe ser una cuestión fundamental en el proceso de transformación del puerto, dada la escala de la misma. Se apuesta por un modelo que se aproxime al cierre de ciclos a partir de la puesta en marcha de una infraestructura de reciclaje urbano que actúe como un gran punto limpio la escala metropolitana.

Durante su vida útil (unos 25 años) permitirá recuperar, valorizar y ofertar los materias procedentes del desmontado de edificios e instalación portuarias, así como de otras obras de la ciudad.





A gran escala do porto permite formular a súa transformación como un proceso de ciclo pechado no que os seus solos e instalacións sen uso poidan ser recuperadas e empregadas no seu propio proceso de reordenación urbana.

A planta proposta será a encargada do desmontaxe e preparación para a reutilización dos elementos construídos do porto que queden sen uso.

Durante a súa vida útil (entre 15 e 25 anos), a plataforma funcionará como un gran punto limpo de escala metropolitana para os elementos e residuos constructivos, útil tanto a nivel particular-cidadán, como institucional e empresarial.

PLANTA DE RECICLAXE URBANA PARA O PECHE DE CICLOS NO PROCESO DE TRANSFORMACION DO PORTO E DA CIDADE

MOBILIDADE

TRANSPORTE PUBLICO



TRANSPORTE PORTO INTERIOR



MOBILIDADE PEONIL E CICLABLE



A liberación de espazos facilita a implantación dunha mobilidade urbana alternativa, baseada no transporte público, na bicicleta e nos desprazamentos a pé, capaz de vertebrar a cidade á vez que permitir o acceso dos barrios ao mar.

A escala metropolitana, tamén resulta fundamental ofrecer alternativas ao automóbil que reduzan os seus múltiples impactos. Así, proponse sacar partido de infraestruturas existentes como o ferrocarril de San Diego para implantar un tren de proximidade, ou recuperar o barco para conexións dentro da ría.

La liberación de espacios facilita la implantación de una movilidad urbana alternativa, basada en el transporte público, en la bicicleta y en los desplazamientos a pie, capaz de vertebrar la ciudad al tiempo que permitir el acceso de los barrios al mar.

A escala metropolitana, también resulta fundamental ofrecer alternativas al automóvil que reduzcan sus múltiples impactos. Así, se propone sacar partido de infraestructuras existentes como el ferrocarril de Sano Diego para implantar un tren de cercanías, o recuperar el barco para conexiones dentro de la ría.

INFRAESTRUTURA VERDE





Amplíase a red e de espazos naturais da cidade con diferentes intervencións como a recuperación do leito do río Monelos, a formación dunha marisma na súa desembocadura ou a creación de novas áreas verdes con forte presenza de vexetación (escollida en base a criterios de adaptación ao medio, valor ecosistémico e baixo mantemento).

Prímase a conectividade tanto interna (corredores verdes) como externa (integración no sistema de espazos da ría) na procura de sinerxias e potenciación dos efectos.

Se amplía la red de espacios naturales de la ciudad con diferentes intervenciones como la recuperación del cauce del río Monelos, la formación de una marisma en su desembocadura o la creación de nuevas áreas verdes con fuerte presencia de vegetación (escogida en base a criterios de adaptación al medio, valor ecosistémico y bajo mantenimiento).

Se prima la conectividad tanto interna (corredores verdes) como externa (integración en el sistema de espacios de la ría) en la búsqueda de sinergias y potenciación de los efectos.